

## RESOLUCIÓN

**Asunto:** Reducción da liña límite de edificación

**Solicitante:** Concello de Ortigueira

**Estrada:** AC-862 Ferrol (FE-14) – L.P. Lugo

**Situación:** Marxe esquerda da estrada entre os PPQQ 63+140 e 63+320

**Concello:** Ortigueira

### ANTECEDENTES

1. O 18 de febreiro de 2016 asínase o informe da ÁREA de Planificación e Programación para iniciar a tramitación do expediente de redución extraordinaria da liña límite de edificación, ao que se fai referencia no encabezado deste informe, segundo o previsto no artigo 41.3 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.
2. Mediante resolución do 26 de febreiro de 2016, a dirección da Axencia Galega de Infraestruturas aprobou, ao abeiro do establecido no artigo 41.3 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, con carácter provisional a delimitación anterior, e resolveu tramitala segundo o procedemento establecido no artigo 85 do Regulamento Xeral de Estradas, aprobado por Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro.
3. A delimitación provisional foi sometida a información pública, polo prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio 29 de febreiro de 2016, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 51, do martes, 1 de marzo de 2016, e no taboleiro de anuncios do concello de Ortigueira, a fin de que calquera persoa física ou xurídica formulase as alegacións que estimase pertinentes.
4. O expediente estivo exposto ao público, en días e horas hábiles de oficina, nos locais da Axencia Galega de Infraestruturas en Santiago de Compostela e na Casa do Concello de Ortigueira.
5. O informe do 14 de setembro de 2016 a ÁREA de Planificación e Programación indicou que non se presentaron alegacións durante o período de información pública da delimitación provisional e que tampouco foi emitido informes ningún ó respecto, por parte das entidades locais consultadas.
6. Mediante proposta de resolución do 15 de setembro de 2016, da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, proponse a aprobación, con carácter definitivo da delimitación da liña límite de edificación da estrada autonómica AC-862 Ferrol (FE-14) – L.P. Lugo, no seu treito situado entre os PPQQ 63+140 e 63+320.



## CONSIDERACIÓN LEGAL

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda é competente para resolver o expediente de delimitación da liña límite de edificación previsto no artigo 41.3 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, en relación co punto 2 da súa Disposición Adicional segunda.

Visto todo o que antecede e, en particular, a proposta de resolución da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, RESOLVO:

Aprobar, ao abeiro do establecido no artigo 41.3 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, con carácter definitivo, a delimitación da liña límite de edificación da estrada autonómica AC-862 Ferrol (FE-14) – L.P. Lugo, no seu treito situado entre os PPQQ 63+140 e 63+320, segundo o plano que se xunta, que supón a seguinte redución, con respecto á establecida con carácter xeral na antedita Lei:

- Pola marxe esquerda redúcese a liña límite de edificación de 15 m a 13,5 m dende a liña exterior da delimitación da calzada, entre os PPQQ 63+140 e 63+320.

Contra esta resolución de aprobación, con carácter definitivo en vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo establecen os artigos 116.1º e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Porén, poderase impugnar directamente o acto que se notifica ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 116.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro). Para tal efecto, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta publicación, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

No caso de que se interpoña o recurso de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2016

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda

Ethel Vázquez Mourelle

